



Federación Galega de Caza
www.federaciongalegadecaza.com

EXCLUSIVO FEDERADOS



INFÓRMATE

FGC A CORUÑA
981 70 29 57
coruna@federaciongalegadecaza.com

FGC LUGO
982 25 49 96
lugo@federaciongalegadecaza.com


FGC OURENSE
988 22 16 20
ourense@federaciongalegadecaza.com

FGC PONTEVEDRA
986 85 23 00
pontevedra@federaciongalegadecaza.com

FGC SANTIAGO
981 56 27 77
federacion@federaciongalegadecaza.com



MUTUASPORT



XXVI

CAMPIONATO GALEGO DE PERCORRIDOS DE CAZA

23 de xuño de 2013



Federación Galega
de Caza



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Sociedad Deportiva
RIO SAR

CHAIÁN - VILLOUCHADA - TRAZO

RÍO SAR, CHAIÁN-TRAZO (CORUÑA)

XXVI Campionato Galego de Percorridos de Caza

COMITE ORGANIZADOR

D. JAVIER NOGUEIRA DÍZ

Presidente Federación Galega Caza

D. MANUEL SAA CASARIEGO

Presidente Provincial Federación Galega de Caza na Coruña

D. JOSÉ LUIS SÁNCHEZ MANCEBO

Presidente Sociedade de Caza 'Río Sar'

D. DAVID ROMERO ALBORÉS

Secretario Xeral da Federación Galega de Caza

DIRECTOR DE TIRO

D. JOSE A. PENA FERNANDEZ

Vocal da Federación Galega de Caza

COMITÉ DE COMPETICIÓN

Formarano os Presidentes das Federacións Provinciais de Caza, ou os representantes dos Equipos Provinciais, mailo Director de Competición.

SORTEO DE QUENDAS E DORSAIS

O sorteo de Escuadras e Dorsais realizarase o día 20 de xuño 9 horas na sede fa Federación Galega de Caza.

Segundo os artigos 4.16 e 4.17 do regulamento é obrigatorio tirar con proteccións auditivas e ópticas.

**O COMITÉ ORGANIZADOR RESÉRVASE O DEREITO A
MODIFICAR O PRESENTE PROGRAMA SE CIRCUNSTANCIAS
EXCEPCIONAIS ASI O ACONSELLAN**

XXVI Campionato Galego de Percorridos de Caza

DATAS E HORARIOS

22 de Xuño de 2013

- Adestramentos oficiais tódolos días excepto os luns 10:00 horas a 21:00 horas.

23 de Xuño de 2013

- Concentración de participantes no campo de tiro ás 8:00 horas
- Comezo da competición as 8:30 horas

PARTICIPACIÓN E INSCRICIÓN

O campionato disputarase no Campo de Tiro 'Río Sar' sito en Chaián, Trazo (A Coruña), sobre 150 pratos nas categorías Seniors, Donas, Veteranos, Superveteranos e Xuvenís e Handisport.

Participarán 65 tiradores oficiais (18 Coruña, 16 Lugo, 14 Ourense e 17 Pontevedra), máis o Campión da edición anterior, máis 2 clasificados pola Copa Galicia.

As inscricións dos Seleccionados Provinciais realizarase mediante a acta do Campionato Provincial, debendo obrar esta na sede da FGC antes do día 19 de xuño.

Por libre poderá participar calquera tirador federado que o desexe, debendo inscribirse na FGC antes do día 19 de xuño. O pago da inscrición realizarase no campo de tiro no momento da concentración (70 € seniors, 50€ o resto). Os tiradores inscritos por libre terán dereito a Premios, mentres que para a formación da Selección Galega unicamente poderán optar os membros das Seleccións Provinciais.